



Concello de Meaño



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO (NIF P3602700A) E A ASOCIACIÓN UNIÓN DENA CLUB DE FÚTBOL MEAÑO (CIF G36156305) PARA A ESCOLA DEPORTIVA DE FÚTBOL BASE, EXERCIZO 2025.

En Meaño, REUNIDOS:

Dunha parte, D Carlos Viéitez Fernández, con DNI nº ****972**, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de alcalde, en virtude das facultades representativas que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

De outra parte, D. Javier González García, con DNI nº ****211**, na súa calidade de Presidente da Asociación Unión Dena Club de Fútbol Meaño (o cal acredita mediante certificación da Secretaría da Asociación).

Atendendo ao disposto no artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que esixe para que as disposicións dinerarias realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións que estas non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.





Concello de Meaño

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións nominativas, ambas partes na representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecéndose reciprocamente plena capacidade para a sinatura do presente **CONVENIO EXPOÑEN:**

PRIMEIRO.- Que o Concello de Meaño ten como unha das súas competencias a promoción do deporte, de acordo co previsto no artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. O deporte constitúe unha actividade que incrementa a cohesión social, motivo polo cal se considera que o impulso municipal á oferta deportiva e o fomento do tecido asociativo deportivo potencian a práctica do deporte e tamén o desenvolvemento local, polo que Concello de Meaño, dentro das súas posibilidades económicas, apoia aquelas iniciativas conducentes ao desenvolvemento de accións que contribúen a promoción e difusión deportiva, especialmente daqueles deportes colectivos nos que participan os nenos/as e xoves do noso municipio, xa que a participación en actividades físicas contribúe ao desenvolvemento da saúde e a aptitude física, adquisición de coñecementos e destrezas para manter un estilo de vida saudable e a integración social; razóns que acreditan o interese público e social do convenio e nas que radica o carácter singular da entidade e finalidade deste convenio.

O Unión Dena Club de Fútbol e o Concello de Meaño pretenden, a través deste Convenio, potenciar e coordinar as actuacións de promoción do deporte e fomentar a cooperación e colaboración no desenvolvemento de proxectos deportivos co recoñecemento dos valores da práctica deportiva e a súa promoción entre as/os nenos/as e mocidade do municipio.

SEGUNDO.- O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello Meaño e Unión Dena Club de Fútbol Meaño coa finalidade de contribuír ao financiamento dos gastos correntes da ESCOLA DEPORTIVA DE FÚTBOL BASE aos efectos de manter e seguir mellorando esta actividade.

Para elo o Concello de Meaño comprométese a destinar as cantidades que se recollen na Base





Concello de Meaño

XII de execución do Orzamento municipal do ano 2025, prorrogado 2024, na que se recolle a seguinte subvención nominativa, que figura no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2027 do Concello de Meaño:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
341.480.01	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	10.500,00 €
	CIF G36156305	Fomento do deporte	

TERCEIRO.- Que Unión Dena Club de Fútbol Meaño ten dentro dos seus fins principais :

*O fomento da práctica deportiva sen ánimo de lucro.

Por todo o anterior, ambas as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración en base con base nas seguintes **CLAUSULAS:**

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regular a colaboración entre o Concello de Meaño e Unión Dena Club de Fútbol, mediante unha subvención directa, coa finalidade de fomentar a práctica deportiva de acordo coas competencias propias do Concello e os fins que caracterizan á asociación Unión Dena Club de Fútbol Meaño; contribuíndo o Concello de Meaño ao financiamento dos gastos correntes da ESCOLA DEPORTIVA DE FÚTBOL BASE, incluídos os derivados da participación nas competicións, co fin de manter e seguir mellorando esta actividade.

SEGUNDA.- Unión Dena Club de Fútbol Meaño deberá:

- 1) Carecer de ánimo de lucro.
- 2) Realizar as actividades subvencionadas segundo as normas de funcionamento da propia Asociación e as directrices que sinala o Concello.
- 3) Cumprir os requisitos e condicións que determinan a concesión da axuda.
- 4) Admitir nas actividades a que se refire a subvención con carácter prioritario aos veciños de Meaño.
- 5) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como





Concello de Meaño

comunitarios, aportando tanta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.

- 6) No desenvolvemento destas actividades farase a debida publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño.
- 7) Non ter débedas co Concello de Meaño.
- 8) Comunicar ao concello de Meaño a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie as actividades que se subvencionan a través do presente convenio. O importe da subvención concedida polo concello en ningún caso será de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos, supere o custo da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos concedidos polo Concello
- 9) O desenvolvemento das actividades da escola deportiva non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións relacionadas con estas escolas deportivas e o Concello de Meaño, de tal xeito que ao Concello de Meaño non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das escolas deportivas.

TERCEIRA.- O Concello de Meaño comprométese a colaborar no mantemento e promoción de actividades da Escola de Fútbol cunha subvención máxima de 10.500,00 € no ano 2025, prorrogado 2024, con cargo á partida 341.480.01 do Orzamento municipal.

CUARTA.-XUSTIFICACIÓN.

Para percibir a subvención deberán presentar a seguinte documentación, **obrigatoriamente** por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Meaño, co enderezo **concellodemearno.sedelectronica.gal**, a través da instancia xenérica dispoñible e a que se achegará a seguinte documentación:

* Declaración da Presidencia da Asociación das actividades realizadas no período a xustificar asinada electrónicamente.

A necesidade dos gastos de transporte, viaxes, etc que se deriven da actividade deberán xustificarse na declaración da presidencia.





Concello de Meaño

No caso de que un mesmo gasto poida aplicarse a mais dun proxecto ou actividade, ou ben o mesmo non sexa aplicable ao 100% a proxecto/ actividade/finalidade a que se refire este Convenio, explicarase o método seguido para o cálculo do gasto imputado, por exemplo: no caso de atender a usuarios/ beneficiarios de varios concellos en atención a número de usuarios/ beneficiarios do Concello de Meaño; no caso de nóminas atendendo ao número de horas empregado polo traballador nas actividades subvencionadas; etc.

* Facturas, indicando o número de unidades, os prezos unitarios e o custo total de cada unha, relacionadas coa actividade subvencionada. De tratarse de gastos de monitores ou director presentaran nóminas, facturas ou liquidacións debidamente asinada polo beneficiario en a que se reflexen os datos persoais, concepto e o importe íntegro da prestación, o importe da retención correspondente ao IRPF e o importe líquido a percibir polo interesado e deberá achegarse o modelo 111 e a Relación Nominal de Traballadores (de ser o caso).

Estes documentos probatorios estarán conformados electronicamente polo/a Presidente/a da asociación, con indicación do DNI.

Os gastos de transporte, viaxes, etc que se deriven da participación en ligas, competicións, eventos, torneos, actuacións, xuntanzas, etc deberán xustificarse achegando ademáis da documentación xeral establecida (facturas e xustificantes de pago):

- Para as competicións deportivas/ligas: achegando o correspondente calendario de competición no que figure o clube, categoría, data e lugar do evento deportivo.

- Para outra clase de eventos ou torneos deportivos, actuacións, xuntanzas, etc mediante cartel, anuncio ou certificado expedido polo organizador no que figure a asociación/clube (con indicación da categoría de ser o caso dun clube deportivo), data e lugar do evento, xuntanza, etc.

As facturas deberán de cumprir coa normativa de facturación.

* Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado, Facenda da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social).

* Declaración-certificación asinada electronicamente polo Presidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a da Asociación, segundo Anexo I que se achega.





Concello de Meaño

- * Conta xustificativa do gasto, segundo Anexo II que se achega, asinada electrónicamente
 - * Certificación bancaria na que conste a titularidade da conta bancaria da asociación.
 - * Acreditación de ter realizado o pago do/s gasto/os xustificado/os mediante transferencia bancaria para facturas por importe maior o igual a 1.000,00 € (artigo 7 da lei7/2012, de 29 de outubro, de modificación de la normativa tributaria y presupostaria y de adecuación de la normativa financeira para la intensificación de las actuacións en la prevención y loita contra el fraude). Cando sexan facturas pagadas en metálico (< 1.000,00 €), debe constar ademais o pagado ou xustificante de recepción emitido pola empresa, selado e rubricado (nome e DNI ou CIF e sinatura). De acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, se considera gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.
 - * Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago (No caso de non xustificalo para a anualidade completa no intre de formalizar o convenio).
 - * Xustificación da publicidade onde figure o patrocinio das mesmas por parte do Concello de Meaño con escudo do Concello e texto Concello de Meaño (Vestuario, notas de prensa, material de divulgación, papelería, lonas publicitarias, páxina web e redes sociais de asociación, etc.)
 - * O Concello de Meaño poderá consultar e/ou poñer en coñecemento da Axencia Tributaria, da Seguridade Social ou de calquera outro organismo/ administración competente, as dúbidas ou incidencias que xurdan en relación coas facturas, nóminas e/ou pagos que se presenten para a xustificación da axuda concedida.
- Si a documentación presentada non reúne os requisitos esixidos requirirase á asociación, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.
- No caso de non enmendar no citado prazo, darase un novo e improrrogable prazo de 5 días hábiles.
- De non enmendar os defectos nos citados prazos terase por desistida a solicitude, que se arquivará sen máis trámite.





Concello de Meaño

Á vista da documentación xustificativa presentada, a Xunta de Goberno estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e procederá , no seu caso ó recoñecemento e pago da mesma.

O aboamento da subvención ou axuda farase efectivo por medio de ingreso na conta bancaria da entidade financeira que conste no Rexistro de Asociacións do concello sinalada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

O prazo de xustificación rematará o día 30 de novembro do ano en curso. De non xustificarse en dito prazo perderase o dereito a esixila.

A entidade beneficiaria deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, co fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

QUINTA.- O Unión Dena Club de Fútbol queda sometido á responsabilidade e ó réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEXTA.- Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada pola Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deportes, ocupación do tempo libre, turismo e comercio, un/unha empregado/a pública do Concello de Meaño e o presidente do Unión Dena Club de Fútbol Meaño.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de ser o caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

SÉTIMA.- O Concello de Meaño resérvase o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos así como a supervisar a efectiva realización das memas, e a entender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

O Concello de Meaño poderá revogar as axudas previstas neste convenio nos seguintes casos:
-Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas





Concello de Meaño

que o impediran.

- Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.
- Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.
- Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- Non asinar o convenio no prazo sinalado polo Concello.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

OITAVA .- O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura estendéndose a duración do mesmo ata o día 30 de NOVEMBRO. Non obstante o mesmo abarcará as actuacións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o comezo do corrente ano (2025).

NOVENA.- O presente convenio ten natureza administrativa e elaborase no marco Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; rexéndose polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola lexislación sinalada. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMA.- De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención articulada no mesmo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións do Ministerio de Hacienda.

O presente Convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade asinan o presente Convenio no lugar e data anteriormente indicada.

O ALCALDE

O/A PRESIDENTE/A DA ASOCIACIÓN

